

**CONCELLO DE MEIRA**

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)

**BANDO**

**AXUDAS Á OBTENCIÓN DOS PERMISOS DE CONDUCCIÓN DAS CLASES B E C**

O venres día 13 de agosto de 2021 saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Política Social sobre as axudas á obtención dos permisos de condución das clases B e C á mocidade galega, dirixidas ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

**REQUISITOS**

- Ter cumpridos os 18 anos, sen prexuízo da idade mínima para a obtención do permiso de clase C.
- Estar empadroado na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.
- Estar inscrito no Sistema nacional de garantía xuvenil e figurar como beneficiario no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estar matriculado nunha autoescola da Comunidade Autónoma de Galicia no momento de presentar a solicitude ou ben ter o/os permiso/s para o/os cales se solicita a axuda con data de expedición entre o 1 de xaneiro de 2021 e a data de presentación da solicitude.

**CONTÍA DA AXUDA**

- Para a obtención do permiso de condución de clase B: 400 euros
- Para a obtención do permiso de condución de clase C: 650 euros

O importe da axuda será acumulativo no caso de que unha mesma persoa solicite axuda para a obtención de ambos os permisos obxecto da orde.

**PRAZO DE SOLICITUDES:**

O prazo de presentación de solicitudes será de **UN MES** contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 23 de agosto de 2021.

O Alcalde,  
  
Asdo.: Antonio de Dios Álvarez.